

## PAS FUNCIONARIO, ¿E AGORA QUÉ?

Despois das “des-mobilizacións” levadas a cabo pola CIG contra da convocatoria do concurso de traslados parece que temos tocado fondo no camiño da incompetencia sindical. A CIG empeñouse en forzar un conflito contra o equipo rectoral, resentidos pola desaparición duns “maletíns” supostamente prometidos, botoulle un pulso a sabendas de que o ían perder, xerou unha división no colectivo de PAS funcionario difícil de superar e esnaquizou o escaso marxe de credibilidade que aínda nos quedaba.

Neste conflito ficticio tamén inflúe a inoperancia sindical: non hai RPT negociada, mentres se consenten estruturas paralelas como no caso da calidade, tema rexeitado polos *puretas* do sindicalismo seudorrevolucionario e agora levado a cabo por unha asesora do rector, unha persoa con contrato menor de servizo, catro laboras, e varios bolseiros traballando na calidade en distintos centros e no rectorado, unha estrutura paralela que medra sen ningún control sindical, á marxe da RPT; non hai formación planificada; a comisión de política de emprego está desbordada mentres non paran de medrar os bolseiros, laboras e demais contratos lixo, en detrimento dun cadro de persoal baseado no emprego estable; da promoción interna non se volveu saber nada; das retribucións ... mellor preguntarlle ó noso Presidente; da saúde laboral e a prevención de riscos laborais non sabemos nin o que é.

Todo isto cunha Xunta de Persoal de once persoas, seis delas da CIG (maioría absoluta), tantas como a Xunta de Persoal anterior enteira, e que, nembargantes son incapaces de coordinarse para propor iniciativas e levalas adiante nos diferentes asuntos que temos pendentes. Unha tupida rede de *escaqueo* e ineficacia onde ninguén asume ningunha responsabilidade e cando empezan os problemas todos miran para o seu gran *gurú* sindical: Xan Cebro. Este responde coa súa coñecida táctica: fuxida cara adiante. Ameaza, conflito sectario (PAS contra docentes, PAS funcionario contra PAS laboral, *puretas* seudorrevolucionarios impondo “verdades absolutas”), visión maniqueísta con a CIG e os bos dunha banda e os outros, incluíndo xeralmente a CC.OO., os malvados, os antisindicaís na outra.

Os resultados: o colectivo, coa súa unidade rachada, impotente para facer fronte ós acontecementos; o PAS funcionario ninguneado en tódolos foros, sen ningunha credibilidade, sen apoios minimamente sólidos; a asemblea de PAS funcionario apuñalada e substituída pola intransixencia, pola manipulación máis descarada e coa democracia cercenada polos chiítas máis descerebrados, cunhas porcentaxes de asistencia máis que preocupantes.

Como di o proverbio: “A non ser que cambiemos de rumbo acabaremos no lugar cara o que nos diriximos”. Na política de todo ou nada o resultado é NADA, SEMPRE NADA.